

Coñece a fórmula cooperativa: Características e particularidades



AS COOPERATIVAS	3
QUE É UNHA COOPERATIVA?	3
CLASES DE COOPERATIVAS	5
OS ESTATUTOS SOCIAIS	9
O REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO	9
A REGULACIÓN LEGAL EN GALICIA.....	9
AS PERSOAS QUE A FORMAN	10
AS PERSOAS SOCIAS COOPERATIVISTAS	10
OBRIGAS BÁSICAS DAS PERSOAS SOCIAS	11
DEREITOS DAS PERSOAS SOCIAS.....	11
NORMAS DE DISCIPLINA SOCIAL	12
PERSOAS ASALARIADAS.....	12
OS SEUS ÓRGANOS SOCIAIS	14
A ASEMBLEA XERAL	14
O CONSELLO REITOR.....	15
OS INTERVENTORES	15
O SEU RÉXIME ECONÓMICO	16
FINANCIAMENTO	16
CAPITAL SOCIAL.....	16
ACHEGAS DAS PERSOAS SOCIAS	16
FINANCIAMENTOS QUE NON INTEGRAN O CAPITAL SOCIAL.....	17
ANTICIPOS SOCIETARIOS	17
APLICACIÓN DOS RESULTADOS	17
BENEFICIOS FISCAIS	18
RESPONSABILIDADE POLAS DÉBEDAS SOCIAIS.....	18
A SÚA CONSTITUCIÓN	19
A INSCRICIÓN NO REXISTRO	19
TRÁMITES QUE SE DEBEN SEGUIR.....	19
COMPETENCIAS REXISTRAIS.....	21
OUTROS TRÁMITES QUE HAI QUE REALIZAR.....	22
OBRIGAS REXISTRAIS.....	23
AS MEDIDAS DE APOIO	24
DE CARÁCTER XERAL	24
DE FOMENTO DO EMPREGO E DE PROMOCIÓN DO COOPERATIVISMO	24
DE ACTIVIDADES ESPECÍFICAS.....	28
CAPITALIZACIÓN DA PRESTACIÓN POR DESEMPREGO	28
ENDEREZOS DE UTILIDADE.....	30

AS COOPERATIVAS

QUE É UNHA COOPERATIVA?

A cooperativa é unha sociedade de capital variable que, a través do exercicio de actividades socioeconómicas, desenvolve unha empresa de propiedade conxunta de todas as persoas socias.

A súa finalidade consiste en prestar servizos e satisfacer necesidades e aspiracións das persoas socias, mediante a súa participación activa e en interese pola comunidade.

Contan cunha estrutura e unha xestión democráticas, en réxime de libre adhesión e baixa voluntaria, e os resultados económicos distribúense en función da actividade cooperativizada realizada.

Calquera actividade económico-social poderá desenvolverse mediante unha sociedade cooperativa.

As cooperativas teñen que axustarse no seu funcionamento aos **principios formulados pola Alianza Cooperativa Internacional**:

I. Adhesión

As cooperativas son organizacións voluntarias, abertas a todas as persoas capaces de utilizar os seus servizos e dispostas a aceptar as responsabilidades de ser socio/a, sen discriminación social, política, relixiosa, racial ou de sexo.

II. Xestión democrática por parte das persoas socias

As cooperativas son organizacións xestionadas democraticamente polas persoas socias, que participan activamente na fixación das súas políticas e na toma de decisións. Os homes e mulleres elixidos para representar e xestionar as cooperativas son responsables ante as persoas socias. As cooperativas están organizadas de xeito democrático.

III. Participación económica das persoas socias

As persoas socias contribúen equitativamente ao capital das súas cooperativas e xestiónanas de xeito democrático. Polo menos, unha parte dos activos é, por regra xeral, propiedade común da cooperativa. Normalmente reciben unha compensación, se existe, limitada sobre o capital entregado como condición para ser socio/a. As persoas socias asignan os excedentes para todos ou algún dos seguintes fins: ao desenvolvemento da cooperativa; á constitución de reservas, das que, polo menos, unha parte sería indivisible;

ao beneficio das persoas socias en proporción ás súas operacións coa cooperativa; e ao apoio doutras actividades aprobadas polas persoas socias.

IV. Autonomía e independencia

As cooperativas son organizacións autónomas de autoaxuda, xestionadas polas persoas socias. Se asinan acordos con outras organizacións, incluídos os gobernos, ou se acadan capital de fontes externas, fano en termos que aseguren o control democrático por parte das persoas socias e manteñan a súa autonomía cooperativa.

V. Educación, formación e información

As cooperativas proporcionalles educación e formación ás persoas socias, aos representantes elixidos, ás e aos directivos e ás persoas empregadas para que poidan contribuír de xeito eficaz ao desenvolvemento das súas cooperativas.

Informan ao gran público, especialmente á mocidade e aos líderes de opinión, da natureza e beneficios da cooperativa.

VI. Cooperación entre cooperativas

As cooperativas serven os seus socios o máis eficazmente posible e fortalecen o movemento cooperativo traballando conxuntamente mediante estruturas locais, nacionais, rexionais e internacionais.

VII. Interese pola comunidade

Ao mesmo tempo que se centran nas necesidades e nos desexos das persoas socias, as cooperativas traballan para acadar o desenvolvemento sostido das súas comunidades segundo os criterios aprobados polos socios e socias.

CLASES DE COOPERATIVAS

As cooperativas clasifícanse en:

- Cooperativas de traballo asociado
- Cooperativas agrarias
- Cooperativas de explotación comunitaria da terra
- Cooperativas de consumidores e usuarios
- Cooperativas de servizos
- Cooperativas de transportistas
- Cooperativas do mar
- Cooperativas de explotación dos recursos acuícolas
- Cooperativas de vivendas
- Cooperativas de ensino
- Cooperativas de integración social
- Cooperativas de servizos sociais
- Cooperativas de crédito
- Cooperativas de seguros
- Cooperativas sanitarias

Cooperativas de traballo asociado

Asocian persoas naturais co obxecto de cooperativizar unha prestación laboral. Proporcionanlles ás persoas socias un posto de traballo no que producen en común bens e servizos.

Cooperativas de servizos

Asocian persoas físicas e/ou xurídicas, titulares de actividades industriais ou de servizos, así como profesionais e artistas que exerzan as súas actividades por conta propia. Teñen por obxecto a prestación de subministracións e servizos e mais a realización de operacións encamiñadas á mellora económica e técnica das actividades profesionais ou das explotacións dos seus socios e socias.

Cooperativas de consumidores e usuarios

Asocian persoas físicas ou xurídicas que sexan destinatarias finais.

Teñen por obxecto a procura de bens e servizos para o consumo das súas persoas socias e das persoas que convivan con elas, producindo os bens e servizos que proporcionen ou adquiríndoos de terceiras persoas, así como a defensa e promoción dos dereitos dos consumidores ou consumidoras e usuarios ou usuarias.

Cooperativas agrarias

Asocian titulares de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais, que terán por obxecto a realización de todo tipo de operacións encamiñadas ao mellor aproveitamento das explotacións das súas persoas socias, dos seus elementos ou compoñentes e da cooperativa, e á mellora da poboación agraria e do desenvolvemento do medio rural, así como a atender calquera outro fin ou servizo que sexa propio da actividade agrícola, gandeira ou forestal ou estea relacionado directamente con elas.

Cooperativas de transportistas

Asocian titulares de empresas do transporte ou profesionais que poidan exercer en calquera ámbito a actividade do transporte e teñan por obxecto organizar e/ou prestar servizos de transporte ou ben a realización de actividades que fagan posible este obxecto.

Consideraranse como cooperativas de transportistas de traballo asociado cando estean formadas por persoas naturais con capacidade legal e física para prestarlle á cooperativa o seu traballo persoal, realizando a actividade do transporte e/ou complementarias.

Cooperativas do mar

Son cooperativas do mar as que asocian titulares de explotacións dedicadas a actividades pesqueiras, de industrias marítimo-pesqueiras, marisqueo, acuicultura e derivadas, nas súas diferentes modalidades de mar, rías, ríos, lagos e lagoas, e profesionais das devanditas actividades. Teñen por obxecto a prestación de subministracións e servizos e a realización de operacións encamiñadas á mellora económica e técnica das actividades profesionais ou das explotacións das súas persoas socias.

Cooperativas de explotación comunitaria da terra

Asocian titulares de dereitos de usos e aproveitamento de bens susceptibles de explotación agraria, que ceden os devanditos dereitos á cooperativa e que prestan ou non o seu traballo nela, así como a quen, sen ceder ningún dereito de gozo, vai prestar o seu traballo nela, co obxecto de xestionar unha única empresa ou explotación agraria, na que tamén poderán integrarse os bens que, por calquera título, posúa a cooperativa.

Cooperativas de explotación dos recursos acuícolas

Asocian titulares de dereitos de uso e aproveitamento de bens, relacionados co exercicio de actividades de explotación dos recursos acuícolas, presten ou non o seu traballo, así como a quen, sen ceder dereito ningún de uso, vai prestar o seu traballo nela. O seu obxecto é a explotación de recursos acuícolas en común por parte das persoas asociadas.

Cooperativas de vivendas

Asocian persoas físicas que precisan aloxamento ou instalacións complementarias á vivenda. Teñen por obxecto procurar vivendas, locais ou instalacións complementarias para as persoas socias.

Cooperativas de ensino

Hai dúas modalidades:

- *Cooperativa de ensino de consumidores:* asocian pais e nais do alumnado ou alumnos/as.
- *Cooperativa de ensino de traballo asociado:* asocian profesores e demais profesionais do ensino, así como o persoal de administración e servizos. Teñen por obxecto desenvolver actividades docentes e poden realizar tamén, con carácter complementario, outras actividades que faciliten o seu obxecto principal.

Cooperativas de servizos sociais

Asocian persoas físicas que prestan o seu traballo na cooperativa e, ademais, poden participar como socios as administracións ou entidades públicas ou os axentes sociais colaboradores na prestación de servizos. Teñen por obxecto a realización de servizos sociais públicos ou privados.

Cooperativas de integración social

Asocian persoas naturais de colectivos excluídos e mais os seus titores e titoras e o persoal de atención. Tamén poden participar como socias as administracións ou entidades públicas. Teñen por obxecto a prestación de servizos educativos, asistenciais, laborais e sanitarios ou calquera outra actividade económica coa que poidan integrarse laboralmente persoas que sufran calquera tipo de exclusión social.

Cooperativas de crédito

Son cooperativas de crédito as que teñen por obxecto servir ás necesidades financeiras activas e pasivas das persoas socias e de terceiros, mediante o exercicio das actividades e dos servizos propios das entidades de crédito.

Cooperativas de seguros

Son cooperativas de seguros as que, consonte a normativa ordenadora do seguro privado, exercen a actividade aseguradora en calquera das súas ramas.

Cooperativas sanitarias

Son cooperativas sanitarias as que teñan por obxecto desenvolver actividades sanitarias nas súas distintas modalidades de seguros a prima fixa, de traballo asociado ou de persoas consumidoras e usuarias, e poderán realizar con carácter complementario actividades conexas ou que faciliten o seu obxecto principal.

Debe terse en conta que, para certos supostos, a Lei de cooperativas de Galicia establece determinadas asimilacións. Así, cando a cooperativa asocia persoas que achegan o seu traballo persoal, complementariamente á regulación específica da clase de cooperativa que se trate, tamén lle resulta aplicable a normativa de cooperativas de traballo asociado.

Como cooperativa singular e excepcional tamén se prevé a **cooperativa mixta de traballo asociado**. Neste tipo de cooperativas existen cooperativistas cuxo dereito de voto na asemblea xeral poderá determinarse en función do capital achegado nas condicións establecidas estatutariamente. O obxecto destas cooperativas é contribuír á captación de capital de terceiros nos proxectos cooperativos, salvando ao máximo posible as características que son propias das sociedades cooperativas.

Por outra parte, as cooperativas que acrediten a súa función social e cumpran unha serie de requisitos específicos poden ser cualificadas como “**sen ánimo de lucro**”.

Para o cumprimento e o desempeño de fins comúns de índole económica, dúas ou máis cooperativas poderán constituír cooperativas de **segundo grao**. Son cooperativas de segundo grao as que integran a cooperativas da mesma ou distinta clase.

Así mesmo, para a defensa e promoción dos seus intereses, as cooperativas poderán asociarse *libre e voluntariamente* en **unións, federacións e confederacións de cooperativas**.

OS ESTATUTOS SOCIAIS

Os estatutos sociais, que son obrigatorios, regulan a estrutura e funcionamento interno da sociedade cooperativa. Deben rexer unha serie de aspectos que a lei esixe como contido mínimo obrigatorio e que poden agruparse como: de identificación e ámbito, de estrutura social, de goberno e xestión da sociedade, e de xestión económica e financeira.

Así mesmo, poderán conter aquelas outras normas que as persoas socias teñan por conveniente, sempre que non resulten contrarias á lei.

Ao longo da vida da sociedade, os estatutos poderán modificarse coas formalidades previstas na lei e será necesaria a posterior inscrición da modificación estatutaria seguindo os trámites previstos no Regulamento de Rexistro de Cooperativas.

O REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Como instrumento áxil que plasme as relacións internas, a cooperativa pode ter un regulamento de réxime interno.

As persoas socias teñen plena autonomía para establecer o seu contido, sempre que este non contradiga nin os estatutos sociais nin a lei. Pódense establecer neste cuestións tales como tipificación de faltas leves, organización do traballo, organigramas empresariais etc.

A REGULACIÓN LEGAL EN GALICIA

Galicia ten competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro (BOE 28.12.95), que ampliou a competencia orixinaria recollida no art. 28.7 do Estatuto de Autonomía.

Con data 30.12.98 no *DOG* n.º 251, publicouse a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia que desde a súa entrada en vigor, o primeiro de marzo de 1999, regula as sociedades cooperativas galegas. Esta lei foi modificada pola Lei 14/2011, do 16 de decembro¹ (publicada con data 03.01.2012 no *DOG* n.º 2).

¹ [Lei 14/2011, do 16 de decembro, pola que se modifica a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia](#)

AS PERSOAS QUE A FORMAN

AS PERSOAS SOCIAS COOPERATIVISTAS

As cooperativas de primeiro grao deberán estar integradas, como mínimo, por tres persoas, que poden ser tanto as persoas físicas como as persoas xurídicas segundo a clase de cooperativas. Nas cooperativas de traballo asociado terán que ser persoas físicas.

Os estatutos establecerán os requisitos necesarios para adquirir a condición de persoa socia, que en ningún caso poderán estar vinculados a motivos políticos, sindicais, relixiosos, de nacionalidade, sexo, raza ou estado civil.

En todo caso, para adquirir a condición de persoa socia é necesario achegar a cantidade mínima obrigatoria que os estatutos establezan.

Persoas que forman unha cooperativa:

- **Persoas socias traballadoras.-** Son as persoas socias que prestan traballo nas cooperativas de traballo asociado.
- **Persoas socias de traballo.-** Nas cooperativas de primeiro grao que non sexan de traballo asociado, de explotación comunitaria da terra ou de recursos acuícolas e nas cooperativas de segundo grao poderán adquirir a condición de persoas socias de traballo, se os estatutos o prevén, as persoas físicas que teñan como actividade a prestación do seu traballo persoal na cooperativa.
- **Persoas socias a proba.-** Nas cooperativas de traballo asociado, os estatutos poden establecer un período de proba, que non excederá os seis meses, e nas demais cooperativas, agás vivenda e crédito e seguros, que non o recollen, non excederá os 12 meses.
- **Persoas socias colaboradoras.-** Son persoas públicas ou privadas que, sen poderen realizar plenamente o obxecto social cooperativo, poidan colaborar na súa consecución. O número máximo de persoas socias colaboradoras non excederá dun terzo dos socios da cooperativa.
- **Persoas socias excedentes.-** Nas cooperativas, agás as de vivendas, poderá concedérselles a condición de socio/a excedente ás persoas socias que, por causa xustificada, deixen de selo.

OBRIGAS BÁSICAS DAS PERSOAS SOCIAS

As persoas socias están obrigados a cumprir os deberes que a Lei de cooperativas de Galicia e os estatutos sociais establezan.

Na lei recóllense como básicas as seguintes obrigas.

- Asistir ás reunións da asemblea xeral e dos demais órganos para os que fosen convocados.
- Cumprir os deberes legais e estatutarios, así como os acordos validamente adoptados polos órganos sociais da cooperativa.
- Participar na actividade cooperativizada que desenvolve o obxecto social da cooperativa, na contía mínima obrigatoria establecida nos estatutos, agás liberación temporal da devandita obriga por parte do órgano de administración, por causa xustificada e logo de solicitude motivada das persoa socia afectada.
- Non realizar actividades competitivas coas propias desenvolvidas pola cooperativa, agás autorización expresa do órgano de administración.
- Gardar segredo sobre os asuntos e datos da cooperativa dos que a divulgación poida prexudicar os intereses dela.
- Desembolsar as súas achegas ao capital social nas condicións previstas.
- Participar nas actividades de formación.
- Aceptar os cargos para os que fosen elixidos, agás xusta causa.

DEREITOS DAS PERSOAS SOCIAS

As persoas socias teñen, ademais dos dereitos que lles outorguen as normas legais e estatutarias ou os acordos validamente adoptados polos órganos sociais, os seguintes:

- A ser elector e elixible para os cargos dos órganos sociais da cooperativa.
- A formular propostas e participar con voz e voto na adopción de acordos nas reunións dos órganos sociais dos que sexa membro.
- A participar na actividade da cooperativa para o cumprimento do seu fin social, sen discriminación ningunha.
- A recibir a información necesaria para o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.
- A percibir o retorno cooperativo, de ser o caso.
- A recibir a actualización e a devolución das achegas ao capital social, así como a percibir xuros por elas, de ser o caso.

Ademais, toda persoa socia ten dereito a recibir toda a información necesaria sobre a marcha da cooperativa, nos termos regulados no art. 23 da Lei 5/98 e nos estatutos sociais. Entre estes dereitos, cómpre destacar que é responsabilidade do órgano de administración entregar a cada persoa socia unha copia dos estatutos sociais e do regulamento do réxime interno, así como das súas modificacións.

Así mesmo, as persoas socias traballadoras de cooperativas de traballo asociado e as persoas socias de traballo teñen dereito a percibir, nun prazo non superior ao mes, anticipos societarios a conta dos resultados finais do exercicio económico, e ao goce do descanso semanal, festas, vacacións e permisos, nos termos fixados na lei e nos seus estatutos. Tamén teñen dereito a gozar dos beneficios da seguridade social nos termos previstos legalmente.

NORMAS DE DISCIPLINA SOCIAL

Os Estatutos establecerán, conforme á lei, as normas de disciplina social das persoas socias, así como os procedementos sancionadores e os recursos procedentes.

As persoas socias só poderán ser sancionados por faltas previamente tipificadas. As faltas graves e moi graves deben estar establecidas nos estatutos sociais e as leves poden fixarse no regulamento de réxime interno e por acordo da asemblea xeral.

PERSOAS ASALARIADAS

Nunha cooperativa pode existir persoal contratado, tanto de xeito indefinido coma noutras modalidades de contratación.

Nas cooperativas de traballo asociado, o número de horas/ano realizadas polo persoal contratado non poderá ser superior ao 30 % do total de horas/ano realizadas polas persoas socias traballadoras.

Non se computarán nesta porcentaxe:

- O persoal integrado na cooperativa por subrogación legal así como o que se incorpore en actividades sometidas a esta subrogación.
- O persoal que substitúa persoas socias traballadoras ou persoal asalariado en situación de excedencia ou incapacidade temporal, baixa por maternidade, adopción ou acollemento.
- O persoal con contratos de traballo en prácticas e para a formación.
- O persoal contratado en virtude de calquera disposición de fomento do emprego de discapacitados físicos ou psíquicos.
- O persoal que se negue explicitamente a ser persoa socia traballadora.

- O persoal traballador a tempo parcial que non supere un 20 % da xornada media habitual no sector do que se trate, ou o seu equivalente en horas/ano.
- O persoal asalariado contratado para substituír cooperativistas que desenvolvan tarefas de carácter representativo.

Este límite de contratación de persoal asalariado poderá superarse por causas obxectivas de viabilidade ou boa marcha da cooperativa por un período máximo de tres meses, ampliable a un ano previa autorización administrativa.

OS SEUS ÓRGANOS SOCIAIS

A ASEMBLEA XERAL

A asemblea xeral da cooperativa constituída validamente é a reunión das persoas socias para deliberar e tomar acordos como órgano supremo de expresión da vontade social e os seus acordos obrigan a todas as persoas socias se foron validamente adoptados.

Nas cooperativas cada socio/a terá un voto, agás supostos especiais en cooperativas agrarias, de mar e de servizos, e os acordos adoptaranse por máis da metade dos votos validamente expresados, agás que por lei ou estatutos se esixan maiorías reforzadas.

Correspóndelle en exclusiva á asemblea xeral a adopción dos seguintes acordos:

- a) A aprobación do plan empresarial da cooperativa, presentado polo órgano da administración, que será o responsable da súa xestión e execución.
- b) O nomeamento e a revogación, por votación secreta, dos administradores e dos liquidadores, así como, de ser o caso, dos interventores e dos membros do comité de recursos, e o exercicio da acción de responsabilidade contra eles.
- c) O nomeamento e a revogación dos auditores de contas.
- d) O exame da xestión social, a aprobación das contas anuais e da distribución de excedentes ou a imputación de perdas.
- e) O establecemento de novas achegas obrigatorias ou voluntarias, a fixación dos xuros que lles puidesen corresponder e a actualización delas.
- f) A emisión de obrigas, títulos participativos ou outro tipo de participacións que puidesen establecerse, ou de calquera outro título admitido en dereito.
- g) A aprobación ou modificación do regulamento de réxime interno da cooperativa.
- h) O establecemento ou a modificación das cotas de ingreso ou periódicas.
- i) A constitución de cooperativas de segundo grao e doutras formas de participación económica, así como a adhesión e separación delas.
- j) A modificación dos estatutos.
- k) A fusión, escisión, transformación, disolución e liquidación da sociedade.
- l) A creación de seccións e a aprobación e modificación, de ser o caso, dos seus regulamentos de réxime interno.

m) A cesión ou o alleamento da sociedade ou de parte desta, ou calquera outra decisión que supoña unha modificación substancial da estrutura económica, social, organizativa ou funcional dela.

n) Todos os demais acordos nos que así o estableza a lei ou os estatutos.

Así mesmo, poderá debater a asemblea sobre cantos asuntos sexan de interese para a cooperativa, sempre que consten na orde do día, pero unicamente poderá tomar acordos obrigatorios en materias que a lei non considere competencia exclusiva doutros órganos sociais.

O CONSELLO REITOR

O consello reitor é o órgano de goberno, xestión e representación da sociedade cooperativa. Os estatutos sociais establecerán a súa composición, aínda que deben existir, en todo caso, os cargos de presidente/a, vicepresidente/a e secretario/a, agás nas cooperativas de tres socios/as que acorden a existencia do órgano de intervención, que non será necesario o vicepresidente/a.

O presidente/a do consello reitor, que tamén o será da cooperativa, terá a representación legal dela, sen prexuízo de incorrer en responsabilidade se a súa actuación non se axusta aos acordos da asemblea xeral e do consello reitor.

No caso de cooperativas con menos de 10 persoas socias, os estatutos poden establecer a existencia dun administrador único co mesmo réxime e competencias que o consello reitor.

Os membros do consello reitor ou administrador único serán elixidos pola asemblea xeral por un período de entre dous e seis anos que fixarán os estatutos. O nomeamento producirá efectos desde a súa aceptación e deberá inscribirse no rexistro de cooperativas.

Se os estatutos sociais o prevén, o consello reitor poderá nomear, por maioría de dous terzos dos seus membros e de entre eles, un ou varios conselleiros delegados, persoas físicas, con facultades xerais referidas exclusivamente ao xiro e tráfico empresarial ordinario da cooperativa.

OS INTERVENTORES

Constitúen un órgano de carácter voluntario con distintas funcións, como a censura das contas anuais, o control da levanza dos libros da cooperativa, as decisións sobre os documentos que acrediten a representación das persoas socias nas asembleas xerais etc.

No caso de prever a existencia deste órgano, os estatutos deben fixar o seu número e o período de actuación entre dous e seis anos.

O SEU RÉXIME ECONÓMICO

FINANCIAMENTO

Para formar unha cooperativa as persoas socias deben achegar os recursos económicos necesarios para comezar a actividade empresarial, por si mesmos, a través das achegas ao capital social ou por medio doutras fontes de financiamento tanto internas como externas.

CAPITAL SOCIAL

O capital social estará integrado polas achegas obrigatorias e voluntarias das persoas socias. O capital social dunha cooperativa é, por definición, variable, debido ao principio de libre adhesión e baixa voluntaria das persoas socias.

Os estatutos, non obstante, deben fixar o “capital social mínimo” co que pode constituírse e funcionar a cooperativa, e que será como mínimo 3005,06 euros e deberá estar totalmente desembolsado.

ACHEGAS DAS PERSOAS SOCIAS

a) Achegas obrigatorias

Os estatutos deben de fixar a achega obrigatoria mínima. Ten que desembolsarse, polo menos, o 25 % dela para adquirir a condición de persoa socia e o resto na forma e prazos previstos polos estatutos ou pola asemblea xeral.

b) Achegas voluntarias

A asemblea xeral poderá acordar a admisión de achegas voluntarias ao capital social.

O importe total das achegas de cada socio/a deberá ser inferior ao 50 % do capital social e pode ser en moeda ou, se as persoas socias así o deciden, consistir en bens e dereitos.

Os estatutos poden determinar se as achegas obrigatorias desembolsadas ao capital social renden ou non xuros, que en ningún suposto poderán exceder en máis de tres puntos o tipo de xuro legal do diñeiro. No caso das achegas voluntarias, o xuro non poderá exceder do legal do diñeiro en seis puntos.

Os estatutos regularán o reembolso das achegas en caso de baixa da persoa socia, de acordo coas normas contidas na Lei de cooperativas de Galicia.

FINANCIAMENTOS QUE NON INTEGRAN O CAPITAL SOCIAL

- Poderanse establecer cotas de ingreso ou periódicas que non serán reintegrables. O importe das cotas de ingreso das novas persoas socias non poderá ser superior ao 50 % da súa achega obrigatoria ao capital social.
- A asemblea xeral poderá acordar a admisión de financiamento voluntario polas persoas socias baixo calquera modalidade xurídica e co prazo e condicións que se establezan no propio acordo.
- As cooperativas, logo do acordo da asemblea xeral, tamén poderán emitir obrigas, títulos participativos e contratar contas en participación.
- Os bens entregados polas persoas socias para a xestión cooperativa e os pagos para a obtención dos servizos cooperativizados non integran o capital social nin o patrimonio da cooperativa, suxéitanse as condicións fixadas e contratadas coa cooperativa, e non poden ser embargados polos acredores sociais.

ANTICIPOS SOCIETARIOS

As persoas socias traballadoras e de traballo percibirán periodicamente, e nun prazo non superior ao mes, anticipos societarios en contía similar ás retribucións na zona e o sector de actividade, segundo as súas categorías profesionais. Este anticipo non poderá ser inferior ao salario mínimo interprofesional, en cómputo anual, tendo en conta a xornada laboral realizada dentro da legalidade vixente.

APLICACIÓN DOS RESULTADOS

Os excedentes netos do exercicio económico aplicaranse aos seguintes fins:

- Ao fondo de reserva obrigatorio, destinado a actividades de consolidación, desenvolvemento e garantía da cooperativa, deberá destinarse un mínimo do 20 % dos excedentes.
- Ao fondo de formación e promoción cooperativa, destinado a actividades de formación, promoción profesional e das relacións intercooperativas, deberá destinarse como mínimo o 5 % dos excedentes.

Unha vez deducidas as dotacións aos fondos obrigatorios, os excedentes dispoñibles pódense aplicar a retorno cooperativo.

O retorno cooperativo, ou participación das persoas socias nas ganancias da sociedade, repartirase entre os socios/as en proporción ás operacións, actividades ou servizos realizados por cada un na cooperativa, en ningún suposto en función das achegas da

persoa socia ao capital social.

Así mesmo, os excedentes dispoñibles pódense aplicar, de ser o caso, á participación do persoal traballador asalariado nos resultados, así como a incrementar os fondos obrigatorios ou a crear fondos de reservas voluntarios de libre disposición.

BENEFICIOS FISCAIS

As sociedades cooperativas teñen recoñecidos unha serie de beneficios fiscais recollidos, fundamentalmente, na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas (BOE 20-12-1990).

Estes beneficios afectan os seguintes impostos:

- Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.
- Imposto sobre sociedades.
- Imposto sobre actividades económicas.
- Imposto sobre bens inmoables.

En cada caso, coas condicións e nos supostos previstos legalmente, existe un dobre nivel de protección:

- Cooperativas protexidas: as que se axusten aos principios e disposicións da Lei de cooperativas de Galicia e non incorran nalguna das causas de perda desta condición previstas na Lei 20/1990.
- Cooperativas especialmente protexidas: as cooperativas protexidas poden acadar un segundo nivel de protección, sempre e cando cumplan unha serie de requisitos e pertencen a algunha das clases indicadas pola lei fiscal (traballo asociado, agrarias etc.).

RESPONSABILIDADE POLAS DÉBEDAS SOCIAIS

As persoas socias responderán das débedas sociais só ata o límite das súas achegas subscritas ao capital social, estean ou non desembolsadas na súa totalidade.

A SÚA CONSTITUCIÓN

A INSCRICIÓN NO REXISTRO

Para que unha sociedade cooperativa se considere constituída e teña personalidade xurídica, debe inscribirse obrigatoriamente a escritura pública de constitución no rexistro de cooperativas competente.

Os promotores da cooperativa poden optar por outorgar directamente a escritura de constitución ou por solicitar no rexistro a previa cualificación do proxecto de estatutos sociais.

TRÁMITES QUE SE DEBEN SEGUIR

I. Certificación negativa de denominación

Débese solicitar certificación de que non existe inscrita outra sociedade cooperativa con idéntica denominación, que será expedida polo Rexistro de Sociedades Cooperativas dependente da Administración Xeral do Estado. R/ Pío Baroja, n.º 6, 28009 Madrid (tel. 913 631 920).

A denominación certificada quedará reservada a favor da cooperativa solicitante por un período de seis meses que se contarán desde a data da certificación. Poderá solicitarse ante o mesmo órgano a ampliación deste prazo, acreditando que foi iniciado o proceso de inscrición no rexistro de cooperativas competente.

II. Cualificación previa do proxecto de estatutos sociais

É un trámite opcional solicitar no rexistro de cooperativas competente a cualificación previa do proxecto de estatutos sociais, aínda que pode procederse directamente ao outorgamento da escritura de constitución.

Resulta aconsellable a realización deste trámite para asegurar a cualificación favorable do proxecto de estatutos sociais, antes do outorgamento da escritura pública. Debe terse en conta que as rectificacións dos defectos observados en estatutos incorporados en escritura pública deben facerse tamén necesariamente en escritura pública.

REQUISITOS NECESARIOS para a cualificación previa de estatutos dunha sociedade cooperativa:

Documentación

- Solicitud.
- Copia certificada da acta da asemblea constituínte.
- Proxecto de estatutos sociais.
- Orixinal do certificado negativo de denominación.

Contido mínimo da acta da asemblea constituínte

- A relación dos promotores, cos seus datos de identificación persoal ou a razón ou denominación social, de ser o caso, e a actividade comprometida.
- A manifestación dos outorgantes de que todos os promotores reúnen os requisitos legais e estatutarios necesarios para ser socio/a da cooperativa que se constitúe.
- A manifestación da vontade de fundar unha cooperativa da clase de que se trate.
- A identificación das persoas designadas para desempeñaren os distintos cargos dos órganos sociais, coa súa aceptación e coa declaración expresa de non estaren incursas en causa de incapacidade ou incompatibilidade das establecidas no artigo 48 da lei 5/98.
- Aprobación dos estatutos sociais.
- Designación das persoas que teñen que outorgar a escritura de constitución entre os que deberán estar: os membros do órgano de administración, os interventores de ser o caso, e a persoa que ostente a secretaría da asemblea constituínte.
- Forma e prazos para o desembolso da achega obrigatoria mínima para ser socio/a e do capital social mínimo.
- Se existen achegas non en diñeiro: identificación de quen fai a achega e aprobación da valoración, logo do informe de experto independente.
- O resultado das votacións, lugar, data e hora da reunión.
- Sinaturas das persoas que ostenten a secretaría e a presidencia da asemblea constituínte.

III. Inscripción da cooperativa

A inscrición da escritura pública de constitución no rexistro de cooperativas competente é o trámite necesario para que a sociedade cooperativa adquira personalidade xurídica.

Se a escritura pública de constitución fose outorgada pola totalidade dos promotores da sociedade e non se fixese uso da facultade de obter a cualificación previa do proxecto de estatutos sociais, non será necesaria a celebración da asemblea constituínte.

REQUISITOS NECESARIOS para a inscrición dunha cooperativa

- Solicitud de inscrición en dous meses dende o outorgamento da escritura pública de constitución na notaría.
- Liquidación do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (as cooperativas están exentas do seu pagamento).
- Unha copia autorizada e unha copia simple da escritura pública de constitución, coas mencións e requisitos establecidos no art. 16 da Lei 5/1998, de 18 de decembro de cooperativas de Galicia e nos art. 50 e 51 do Regulamento do Rexistro de Cooperativas.
- Acreditar o pago da taxa por inscrición en rexistros oficiais.
- Código de identificación fiscal.

COMPETENCIAS REXISTRAIS

A Comunidade Autónoma Galega ten as competencias sobre cualificación, inscrición e certificación dos actos que deban acceder ao rexistro de cooperativas. Dentro da estrutura orgánica da Xunta de Galicia correspóndelle o seu desenvolvemento á Consellería de Traballo e Benestar.

O Rexistro de Cooperativas estrutúrase no Rexistro Central, situado nos servizos centrais da Consellería, e os respectivos rexistros provinciais nos departamentos territoriais.

O Rexistro Central de Cooperativas é competente respecto de:

- a) As cooperativas de ámbito superior ao dunha provincia, que realicen principal e maioritariamente a súa actividade cooperativizada coas súas persoas socias dentro do territorio da comunidade autónoma
- b) As cooperativas de crédito e seguros.
- c) As cooperativas de segundo grao.
- d) As asociacións de cooperativas.

Os rexistros provinciais de cooperativas serán competentes respecto das restantes clases de cooperativas, nas que o ámbito territorial onde desenvolvan as súas actividades

cooperativizadas coas súas persoas socias non sexa superior ao da respectiva provincia.

OUTROS TRÁMITES QUE HAI QUE REALIZAR

Na Delegación ou Administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria

- Solicitud de Código de Identificación Fiscal.
- Alta no Imposto de Actividades Económicas.
- Declaración censal (IVE).

Na Tesourería Xeral da Seguridade Social

Inscripción da empresa e afiliación das persoas socias traballadoras e persoal traballador por conta allea á Seguridade Social.

As persoas socias traballadoras das cooperativas de traballo asociado e asimiladas aproveitarán os beneficios da Seguridade Social, podendo optar a cooperativa nos seus estatutos sociais:

- a) Como asimilados a traballadores por conta allea quedarían integrados no réxime xeral ou nalgún dos réximes especiais, segundo proceda.
- b) Como traballadores autónomos no réxime especial correspondente.

Unha vez elixido un réxime da Seguridade Social, débese manter durante cinco anos. Todas as persoas socias teñen que estar no mesmo réxime.

As persoas socias das cooperativas pódense acoller á tarifa plana do réxime especial de traballadores autónomos.

As persoas socias de traballo das demais cooperativas serán, en todo caso, asimiladas a persoal traballador por conta allea.

Na Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar

- Comunicación de apertura do centro de traballo, segundo impreso oficial.

Na Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social

- Selar o libro de visitas.

No Concello

- Licenzas de apertura, licenzas de obra etc.

No Rexistro da Propiedade Inmobiliaria

- Inscripción de bens inmobles, de ser o caso.

No Rexistro da Propiedade Industrial

- Inscripción de nomes comerciais, patentes, marcas, deseños industriais, modelos de utilidade e rótulos.

Dilixenciado de libros

Os libros sociais e contables deben ser dilixenciados con carácter previo á súa utilización, ou segundo o previsto no artigo 72.4 da Lei de cooperativas de Galicia, polo rexistro de cooperativas competente, segundo o procedemento previsto no artigo 90 do Regulamento do Rexistro de Cooperativas

OBRIGAS REXISTRAIS

Ademais da inscrición da sociedade e o dilixenciado de libros, as cooperativas, unha vez en funcionamento, teñen que cumprir as obrigas rexistrais legalmente previstas. Así, deben inscribirse as modificacións de estatutos, a renovación de órganos sociais, os outorgamentos de poderes e todos os actos previstos na lei e no Regulamento do Rexistro da Cooperativas.

A inscrición máis habitual é a de renovación do consello reitor e interventores, que debe solicitarse ante o rexistro de cooperativas competente dentro dos trinta días seguintes á aceptación dos elixidos.

Outra das obrigas habituais é o depósito anual de contas e documentación complementaria, que debe realizarse no prazo de dous meses desde a súa aprobación pola asemblea xeral, ante o rexistro de cooperativas, segundo o establecido no artigo 94 e seguintes do devandito regulamento.

AS MEDIDAS DE APOIO

DE CARÁCTER XERAL

As sociedades cooperativas, como calquera outra empresa, teñen acceso ao réxime de subvencións, axudas, bonificacións e calquera outra medida de apoio económico establecida polas administracións públicas.

De xeito orientativo, pódese indicar que en Galicia unha gran parte destas medidas de apoio están canalizadas a través do IGAPE (Instituto Galego de Promoción Económica).

DE FOMENTO DO EMPREGO E DE PROMOCIÓN DO COOPERATIVISMO

Anualmente, a Consellería de Traballo e Benestar convoca axudas e subvencións para o fomento de emprego e a promoción do cooperativismo que inclúen, entre outras, axudas para a posta en marcha de proxectos cooperativos e para a creación de postos de traballo en cooperativas. Todo isto, segundo as bases da correspondente orde de convocatoria.

Para o ano 2014 establecéronse estes programas:

Programa I. Fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais

Finalidade

Fomentar a incorporación de persoas desempregadas e traballadores e traballadoras con carácter temporal como socios e socias traballadoras de cooperativas ou sociedades laborais, con carácter indefinido.

Beneficiarios

As cooperativas e sociedades laborais que incorporen como persoas socias traballadoras ou de traballo:

- Persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego.
- Persoas vinculadas á empresa por un contrato de traballo temporal non superior a 24 meses, cunha vixencia mínima de seis meses á data da súa incorporación.

Contía

Un total de 5500 € por cada persoa desempregada que se incorpore a xornada completa.

Incrementos:

- Muller desempregada 1500 €, ata 7000 €.
- Persoas desempregadas en situación de exclusión social 2500 €, ata 8000 €.
- Persoas desempregadas e con discapacidade igual ou superior ao 33 % 4500 €, ata 10 000 €.

No caso de cooperativas xuvenís, as contías incrementaranse nun 25 %.

Programa II. Fomento do acceso á condición de persoa socia traballadora

Finalidade

Fomentar o acceso á condición de socios e socias traballadoras ou de traballo, mediante a concesión de axudas económicas destinadas a financiar, parcialmente, a achega ao capital social que deba desembolsarse para a incorporación como socio ou socia.

Beneficiarios

- Persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego, que accedan á condición de persoa socia dunha cooperativa ou sociedade laboral.
- Persoas asalariadas que accedan á condición de persoa socia traballadora ou de traballo dunha cooperativa ou sociedade laboral.
- Persoas que figuren de alta no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes de mellora de emprego.

Contía

Ata 4500 € para a incorporación a unha cooperativa.

Ata 2000 € para a incorporación a unha sociedade laboral.

A contía máxima da axuda non poderá ser superior aos importes desembolsados en concepto de achega ao capital social e cota de ingreso, ou de accións ou participacións sociais, segundo o caso.

No caso de cooperativas xuvenís, as contías incrementaranse nun 25 %.

Programa III. Impulso de proxectos empresariais cooperativos e asistencia técnica

Finalidade

Fomentar e promover o cooperativismo e a economía social, concedendo axudas económicas que faciliten a posta en marcha dos proxectos empresariais.

Beneficiarios

- Cooperativas e sociedades laborais de nova creación ou as que acometan novos proxectos empresariais.
- Persoas físicas e empresas privadas que presten servizos de asesoramento e acompañamento de proxectos.
- Entidades que realicen as súas actividades na área dos servizos sociais, da integración social, da protección medioambiental e do tempo libre, debidamente inscritas no Rexistro de Cooperativas de Galicia.

Contía

A contía máxima por beneficiaria non poderá superar os 20 000 € para o conxunto das modalidades e conceptos subvencionables.

Conceptos:

- Contratación de persoas directoras ou xerentes.
- Contratación de traballadores/as sociais, psicólogos/as e outros profesionais de especial cualificación.
- Formación empresarial de cursos de dirección e xestión empresarial.
- Asesoramento e acompañamento de proxectos.
- Outras accións de asistencia técnica.
- Gastos de constitución.

Programa IV. Promoción das cooperativas xuvenís

Finalidade

Apoiar o desenvolvemento de proxectos de creación de cooperativas xuvenís mediante subvencións directas para o financiamento dos custos derivados do lanzamento da actividade.

Beneficiarios

As cooperativas xuvenís de nova creación formadas maioritariamente por persoas socias traballadoras ou de traballo que teñan entre 16 e 29 anos de idade.

Son entidades de nova creación: as que non superen os dous anos de actividade desde a data de alta no imposto de actividades económicas ou da alta no censo de persoas obrigadas tributarias do Ministerio de Economía e Facenda.

Contía

Importe máximo: ata o 75 % dos gastos correntes derivados do inicio da actividade, cun máximo de 15 000 € por entidade.

Tipo de gastos:

- Arrendamento e mantemento de locais, instalacións, maquinaria e elementos de transporte.
- Elaboración de material publicitario funxible e anuncios publicitarios nos medios de comunicación.
- Seguros, gastos financeiros e bancarios.
- Enerxía, comunicacións e transportes.
- Material de oficina e consumibles.
- Mantemento de equipos e sistemas.
- Roupa de traballo e material funxible para a prevención de riscos laborais.

Programa V. Intercooperación e integración cooperativa

Finalidade

Impulsar as actividades de intercooperación e os procesos de integración empresarial cooperativa. Promover o lanzamento de proxectos de colaboración empresarial para a consecución de obxectivos comúns.

Beneficiarios

- Cooperativas ou sociedades laborais que participen en proxectos de integración ou colaboración empresarial e que se agrupen para realizar conxuntamente a súa solicitude de axuda:
 - Proxectos de colaboración empresarial: mínimo, catro **entidades** participantes.
 - Proxectos de integración empresarial: mínimo, dúas **entidades** participantes
- Cooperativas de segundo grao e cooperativas que resulten dun proceso de fusión realizado no último ano ou no período de execución da orde de axudas.

Contía

Non poderá superar o 75 % dos gastos necesarios para a súa realización, ata un máximo de 5000 € por entidade, agás no caso de integración empresarial que se eleva a 10 000 € por entidade, e un límite máximo global de 30 000 por solicitude. Límites de axuda:

- Reunións e seminarios dos participantes nos procesos de colaboración e integración, ata 5000 €.
- Elaboración de estudos e informes, ata 3000 €.
- Proxectos de integración empresarial e asistencia para a súa posta en marcha, ata 15 000 €.
- Labores preparatorios para acceso a proxectos e incentivos en materia de I+D+i, ata 15 000 €.
- Presenza en feiras, mostras e congresos, ata 5000 € por acto, que se poderán incrementar ata 10 000 € cando se trate dun acontecemento internacional celebrado fóra do territorio español.
- Publicacións e catálogos no marco da web www.intercooperar.coop e publicidade, ata 5000 €.
- Mantemento de páxina web de colaboración, ata un máximo de 2000 €.
- Mantemento de sistemas telemáticos complexos para a xestión, ata un máximo de 5000 €. Cando impliquen a integración de todas as áreas de xestión empresarial, o límite será de 10 000 €.

DE ACTIVIDADES ESPECÍFICAS

As sociedades cooperativas, en razón á actividade que realizan, poden ter acceso a outro tipo de beneficios ou subvencións específicas, incluso orientadas especificamente a este tipo de entidades.

A modo de exemplo pódense citar as convocatorias anuais de subvencións dirixidas a cooperativas agrarias realizadas pola Consellería do Medio Rural e do Mar.

CAPITALIZACIÓN DA PRESTACIÓN POR DESEMPREGO

Outra medida de apoio ao fomento do emprego, a través de cooperativas de traballo asociado, consiste na posibilidade de que as persoas desempregadas perceptoras da prestación contributiva por desemprego, perciban dunha soa vez o importe total do valor da prestación, sempre que se incorporen a unha cooperativa de traballo asociado e coa finalidade de destinar a cantidade percibida á capitalización necesaria para a realización da actividade.

As condicións e requisitos establécense na correspondente normativa reguladora e as solicitudes deben realizarse, con carácter previo ao inicio da actividade, ante a oficina de emprego correspondente.

As persoas beneficiarias deste pagamento único da prestación por desemprego tamén poderán solicitar a correspondente axuda de aboamento de cotas da seguridade social.

ENDEREZOS DE UTILIDADE

Xunta de Galicia

Consellería de Traballo e Benestar

DIRECCIÓN XERAL DE TRABALLO E ECONOMÍA SOCIAL

Rexistro Central de Cooperativas

Edificio Administrativo San Lázaro

15781 Santiago de Compostela

Tfno.: 981 541 675

XEFATURAS TERRITORIAIS DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Rexistros Provinciais de Cooperativas

A Coruña

Avda. Salvador de Madariaga n.º 9-1º

15008 A Coruña

Tfnos.: 981 182 392 / 981 185 890

Lugo

Ronda da Muralla, 70

27071 Lugo

Tfno.: 982 294 288

Ourense

Avda. de la Habana 79-7º

32004 Ourense

Tfnos.: 988 386 401 / 988 386 389

Pontevedra

Concepción Arenal 8-2º

36201 Vigo

Tfnos.: 986 817 005 / 986 817 686

Consello Galego de Cooperativas

Edif. Admin. San Lázaro, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 881 999 268
www.cooperativasdeg Galicia.com

Rede Eusumo.

Centros cooperativos de atención permanente 2014

Rede Eusumo

Tfno.: 981 558 008
info@eusumo.coop
www.eusumo.coop

Centros cooperativos de atención permanente 2014:

Centro de Desenvolvemento Cooperativo Transfronteirizo de Verín

Parque Empresarial de Pazos
32619 Verín-Ourense

Fundación Terra de Trasancos Cooperativa do Val

Vilacornelle, s/n O Val
15541 Narón

Fundación Coren

Estr. N-120, vía prov. OU-0410, n.º 41
Razamonde (Cenlle)
32459 Ourense

Cámara de Comercio de Vigo

R/ República Argentina 18 A
36201 Vigo (Pontevedra)

Cámara de Comercio de Ourense

Avda/ da Habana, 30 bis

32003 Ourense

Fundación Feiraco

Pontemaceiras, s/n

15864 Ames (A Coruña)

Fundación CEL

Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, O Palomar s/n

27004 Lugo

Cámara de Comercio de Tui

R/ A.G. Besada, 15, 1º dta.

36700 Tui (Pontevedra)



eusumo
Cooperativismo e Economía Social

info@eusumo.coop
Tlfn 981 558 008
www.eusumo.coop



CONSELLO GALEGO DE
COOPERATIVAS



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



**XUNTA
DE GALICIA**